

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
O DÍA 27/04/2026  
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

**PRESIDENTE**

ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**

Lista de asistentes

CARLOS COIRA LOJO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

PAOLA MARIA MOCHALES

SONIA OUTÓN CASAL

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

Lista de non asistentes

DIEGO GARCIA SANTIAGO

**SECRETARIA**

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTOR**

JULIO FONTAÍÑA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 27/04/2026 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos/as concelleiros/as indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 20 de abril de 2026, que se aprobou por unanimidade.

**RÉXIME INTERIOR**

**PRP2026/1377**

Dáse conta da Sentenza 90/2026 do Tribunal De Instancia Contencioso-Administrativo de Pontevedra, Plaza N°1, (procedemento abreviado 170/2025), pola que se desestima o recurso contencioso-administrativo interposto por D. Raúl Martínez Briones, en nome e representación da entidade mercantil "Ralu Birras SL", contra o acordo de 24 de marzo de 2025, da Xunta de Goberno Local, desestimatoria da súa reclamación indemnizatoria (responsabilidade patrimonial), na cantidade de 15.960,88 €, máis xuros e costas, polos prexuízos derivados da paralización da actividade de cervecería-pub no local situado en Praza da Constitución nº 2, entre os días 3 e 23 de xuño de 2022 (expte. PRP 2025/0895).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2026/1378**

Dáse conta de escrito enviado pola Valedora do Pobo, en relación que queixa presentada por Dona Paula Loureiro García, por incumprimento de acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de setembro de 2025, no que se acordaba a reparación ou substitución do asento da parada de autobuses situada na Rúa Vilar, á altura do nº 37.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora, e acorda comunicarlle que se procederá á reparación do asento indicado á maior brevidade posible.

**PRP2026/1286**

Dáse conta de escrito presentado por Gesenco Gestión en Comunidades SL, solicitando a

modificación e/ou retirada da sinalización existente na Rúa Emilia Pardo Bazán nº 8

Dáse conta de informe da Policía Local no que indican que realizada inspección, comprobán que a rúa é de sentido único de circulación, con estacionamento en liña no lateral, por onde se produce a entrada e saída de vehículos do garaxe, polo que se ampliou o pintado amarelo nunha lonxitude de 250 cm. para mellorar e facilitar a manobra de saída dos vehículos e aínda que se reducira un pouco esta ampliación, non aumentarían as prazas de estacionamento na rúa, xa que o tramo de estacionamento que hai a continuación ten unha lonxitude de 11 metros.

En relación ao pivote de plástico cor verde, está colocado ao inicio das prazas públicas de estacionamento para evitar que os vehículos rebasen as marcas viais, reforzando a sinalización, e non supón perigo para vehículos ou peóns.

Polo exposto consideran que sería negativo acceder á modificación da sinalización existente.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda denegar a solicitude feita por Gesenco Gestión de Comunidades SL.

#### **PRP2026/1285**

Dáse conta de escrito presentado por D. Guillermo Domingo Alonso solicitando o cumprimento do acordo de Xunta de Goberno Local de data 21 de abril de 2025 de aprobación de instalación e sinalización de dous pasos de peóns elevados na Rúa 1 A Rosaleda, 7-112 e confluencia da Rúa 1 A Rosaleda con Rúa Ameixeiras.

Dáse conta de informe da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle ao Sr. Alonso que se realizará a contratación das obras e se procederá a levar a cabo a súa execución á maior brevidade posible.

#### **PRP2026/1284**

Dáse conta de escrito presentado por Dona Sonia Redondo Chazo solicitando o cumprimento do acordo de Xunta de Goberno Local de data 21 de abril de 2025 de aprobación de instalación e sinalización de dous pasos de peóns elevados na Rúa 1 A Rosaleda, 7-112 e confluencia da Rúa 1 A Rosaleda con Rúa Ameixeiras.

Dáse conta de informe da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle á Sra. Redondo Chazo que se realizará a contratación das obras e se procederá a levar a cabo a súa execución á maior brevidade posible.

#### **PRP2026/1283**

Dáse conta do escrito presentado por D. Adrián Jimenez Balsa no que indica que na actualidade so existen dous puntos de recarga para vehículos eléctricos, un na Praza de Abastos e outro no Parque de Vilaxoán, solicitando a instalación de un punto de recarga de vehículos eléctricos na zona de O Piñeiriño.

Dáse conta de informe da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle ao Sr. Jiménez Balsa que se estudará a posibilidade da instalación de puntos de recarga na zona solicitada, facendo constar que os puntos existentes se instalaron con cargo a unha subvención da Unión Europea-Next Generation EU.

#### **PRP2026/1280**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Andrea Castro Vázquez, en representación de AREVA-Alcohólicos rehabilitados de Arousa, solicitando autorización para ocupación de vía pública en Rúa

Xeneral Pardiñas con Rúa Castelao, coa instalación dunha carpa informativa, o día 2 de maio de 2026, en horario de 10:00 a 13:00 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

#### **PRP2026/1279**

Dáse conta do escrito presentado por D.Daniel Abad Gómez, en representación de Asociación PESDEBARRO solicitando autorización para uso da Praza da Peixería para levar a cabo a actividade "Foliada de Abril", os días 24, 25 e 26 de abril de 2026.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2026/1275**

Dáse conta da solicitude con número de rexistro WEB2026000552, de data 23/01/2026, presentada por Empresa PEREIRA SL con CIF B360300997 para a sinalización dunha zona onde se prohíba estacionar por un estreitamento habitual que dificulta o paso de autobuses na rúa Santa María de Guillan.

Realizada inspección pola Policía Local pódese comprobar que, a rúa é estreita e de dobre sentido de circulación e que á altura do número 39 hai un poste de telefonía nun punto lixeiramente curvo, onde se estacionan vehículos á altura do número 41 dificulta o paso aos citados autobuses ou camións de recollida de residuos.

Que por todo iso, recoméndase a sinalización con marcas viarias e un sinal vertical R-308 para prohibir o estacionamento nun tramo de 10 metros lineais á altura do muro de peche do inmovible número 41 da rúa Santa María de Guillan para facilitar o paso dos autobuses, tanto escolares como de servizo de liña e os camións de recollida de residuos.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización de conformidade co informe da Policía Local, e se requira a Telefónica a retirada do poste que dificulta o paso aos autobuses ou camións de recollida de residuos.

Dar conta ao Servizo de Sinalización.

#### **PRP2026/1274**

Dáse conta de solicitude con número de rexistro 2026000153 (RE-56/26), de data 08/01/2026, presentada por Óscar OUBIÑA CHAVES con DNI 35470266B, solicitando a sinalización de dúas prazas de estacionamento para persoas con mobilidade reducida nas inmediacións da Mutua Asepeyo.

Dáse conta de informe da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar ao Sr. Oubiña Chaves que, unha vez pavimentado e asfaltado o vial se procederá a replantear as prazas de estacionamento na Avda. Rodrigo de Mendoza.

### **PRP2026/1273**

Dáse conta da solicitude con número de rexistro 2026000154 (RE-57/26), de data 08/01/2026, presentada por Óscar OUBIÑA CHAVES con DNI 35470266B, en relación con praza de estacionamento pendiente de sinalizar en Rúa San Roque.

Dáse conta de informe da Policía Local, no que se indica que aínda que efectivamente en Xunta de Goberno Local do 26/08/2024 acordouse a colocación dunha praza para persoas con mobilidade reducida en Rúa San Roque 14B, posteriormente por razóns técnicas e de seguridade así como de proximidade ao lugar indicado na solicitude que era a unidade de Saúde mental da Xunta de Galicia na Rúa Juan Carlos I, situouse a citada praza na Rúa Marxion , 1.

Faise constar que as prazas reservadas para persoas con discapacidade son de uso xeral e pode facer uso calquera persoa que posúa a autorización correspondente, nunca se conceden con uso exclusivo de persoas determinadas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar o informe da Policía Local ao Sr. Oubiña Chaves.

### **PRP2026/1272**

Dáse conta de solicitude con número de rexistro WEB2026000379 (RE-52/26), de data 19/01/2026, presentada por CEIP DE VILAXOAN con CIFQ8655526E, solicitando a habilitación de prazas de estacionamento para persoas con mobilidade reducida na contorna do citado centro.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que na actualidade non existe ningunha praza de estacionamento para persoas con discapacidade nas proximidades do centro.

Por iso, recoméndase que na Rúa Cultura, nos estacionamentos en batería, se proceda á sinalización dunha praza de estacionamento para persoas con discapacidade coa lenda “máximo 10 minutos para alumnos centro escolar en horario lectivo “, xa que ao tratarse dun centro de educación primaria non hai alumnos que conduzan e así se favorece a rotación dos vehículos dos pais que trasladan os alumnos ao centro. Así mesmo, desaconséllase a sinalización doutra praza de estacionamento para persoas con discapacidade na Rúa de Santo Martin, xa que é onde manobran e estacionan os autobuses do transporte escolar que acoden ao centro de educación.

Faise constar que as prazas reservadas para persoas con discapacidade son de uso xeral e pode facer uso calquera persoa que posúa a autorización correspondente, nunca se conceden con uso exclusivo de persoas determinadas.

A Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización dunha praza coa lenda “máximo 10 minutos para alumnos centro escolar en horario lectivo “, de conformidade co informe da Policía Local.

Dar conta ao Servizo de Sinalización.

### **PRP2026/1271**

Dáse conta de solicitude con número de rexistro WEB2026000245, de data 14/01/2026, presentada por D. Jorge Vicente Cobo Hidalgo, con DNI 05369208L, por colocación dunhas bases de sombrilla que poden resultar perigosas para os peóns na Rúa Romero Ortiz nº 2.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar ao Sr. Cobo Hidalgo que realizada

inspección pola Policía Local, puidose comprobar que, na ubicación sinalada non existe ningunha base de sombrilla ou outro obstáculo fixo que poida resultar perigoso para os peóns.

#### **PRP2026/1336**

Dáse conta de proposta do Servizo de Vías Públicas, na que se indica que o camión guindastre matrícula 5479-GJC, adscrito ó departamento de Vías Públicas, necesita realizar a reposición das dúas rodas dianteiras debido ó seu avanzado estado de desgaste, co fin de garantir o correcto funcionamento e seguridade do vehículo.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa RODISA, S.L. con CIF: B-36125417, para a reposición das dúas rodas dianteiras do camión guindastre 5479-GJC, incluíndo a subministración, montaxe e equilibrado das mesmas, por un importe total de 1.300,00 €. (IVE incluído), con cargo á partida 454.214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2026/1291**

Dáse conta de proposta do Servizo de Alumeado Público, na que se indica que para a realización de traballos en altura nas instalacións eléctricas municipais requirense medios adecuados que garantan a seguridade dos traballadores e o cumprimento da normativa vixente.

Actualmente non se dispón dunha plataforma elevadora homologada, o que supón riscos laborais e posible incumprimento legal.

A adquisición deste equipo permitirá executar traballos en condicións seguras e mellorar a eficiencia do servizo.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa SOOS LIFTING MACHINERY SL para a adquisición dunha plataforma elevadora de persoas destinada a traballos en altura en instalacións municipais, por un importe total de 12.986,32 € (IVE incluído), con cargo á partida 165.62300.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2026/1360**

Dáse conta de proposta da Área de Comunicación Social, seguinte:

Ao longo do presente ano, o Diario de Arousa, con sede en Vilagarcía e pertencente ao Grupo Editorial El Ideal Gallego, vai levar adiante unha serie de actos para celebrar o seu 25 Aniversario. Na programación hai dende publicacións especiais ata foros específicos pasando por exposicións, actividades na rúa ou concursos escolares. O aniversario pecharase nun gran evento institucional no mes de decembro, no auditorio municipal. Malla ampla cobertura de concellos do xornal, a maior parte dos actos se celebrarán na propia Vilagarcía, remarcando así o seu papel de capital ou cidade referente da comarca do Salnés e a Ría de Arousa. Algunhas das accións incluso terán marcado carácter vilagarcían, é o caso do foro sobre mobilidade sostible.

Tendo en conta a traxectoria do diario, a súa pegada na cidade e o programa a desenvolver durante este ano, parece evidente que o Concello de Vilagarcía ten que participar da celebración, non xa coa intendencia (Auditorio, Salón García, sala de exposicións, persoal municipal, etcétera) senón economicamente, como un investimento publicitario máis. De feito, o concello terá presenza en todas as publicacións en papel, mostras, vídeos institucionais, foros e acto final.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local aproba o orzamento de colaboración presentado por Editorial La Capital SL, por importe de 8.000 euros máis IVE (9.600 €, IVE incluído)),

con cargo á partida 926.22613.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2026/1362**

Dáse conta de proposta da Área de Comunicación Social, na que indica que O Canal Rías Baixas (Televisión da Mancomunidade do Salnés SL) é un dos medios que adoita seguir a actualidade de Vilagarcía de Arousa con regularidade.

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto en publicidade (micro espazos 2026) co fin de manter informaos aos habitantes de Vilagarcía da xestión do municipio de xeito directo e sistematizado, de conformidade co orzamento presentado por Televisión Mancomunidade do Salnés SL, por importe de 5.608,35 €(ive engadido), con cargo á partida 926-22602.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2026/1386**

Dáse conta de Proposta da Área de Comunicación Social na que indica:

Enfoques.gal é un novo medio nativo dixital que está a formular un xeito distinto de achegarse á realidade galega. As súas pezas informativas son adaptadas ás distintas canles: videros breves para TikTok, narrativas visuais para Instagram, contidos editoriais para Facebook, entrevistas en YouTube, e outros. Segundo afirma, ten vinte millóns de visitas ao mes a través das rrss, con un público que maioritariamente (80%) se sitúa entre os 30 e os 50 anos.

Os seus promotores propoñen ao Concello unha serie de accións comunicativas a desenvolver ao longo do ano, consistentes na publicación mensual de dous a tres informacións na web de enfoque.gal con difusión en Facebook e X (antes Twitter), produción e gravación dunha entrevista en formato web, carrusel e vídeo con difusión a través das redes sociais, e produción e gravación de dous videoreportaxes coas mesmas características.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Enfoques Informativos Editorial SL, por un importe de 3.025 € (IVE incluído) para o ano 2026, a facturar por semestre, con cargo á partida 926.22602.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **BENESTAR SOCIAL**

### **BENESTAR SOCIAL**

#### **PRP2026/1337**

En aplicación do Regulamento da Escola Infantil Municipal en vigor, as Normas de Funcionamento e o baremo que figura na Resolución do 10 de marzo de 2026 pola que se convoca o procedemento de adxudicación de praza nas escolas infantís 0-3 para o curso 2026/2027, e as solicitudes presentadas no prazo establecido.

Tras a reunión celebrada en data 21/04/2025 pola Comisión de Seguimento para o procedemento de admisión e ingreso para o curso 2026/2027.

Vista a proposta da Área de Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación e publicación da LISTAXE PROVISIONAL para a ocupación de prazas da Escola Infantil Municipal para o curso 2026/2027.

## **PRP2026/1442**

Dáse conta da proposta da Concelleira da Área de Servizos Sociais, en relación co Escrito de BONECOS VILAGARCIA S.L. NIF: B94065661, contratista do Servizo da Escola Infantil Municipal con Rexistro de entrada WEB2026002546 de data 31/03/2026, comunicando o seguinte:

“Ante o incumplimento reiterado do concello de restablecer o equilibrio económico financeiro da concesión, non aplicar o IPC ás cotas, non compensar ao concesionario pola cota da media xornada (non recollida no contrato da concesión) e a pesar dos múltiples requirimentos efectuados (mais de 20 dende o inicio do curso), a falta de cobertura económica suficiente deu lugar a un desequilibrio estrutural e continuado, que derivou nunha situación actual de falta absoluta de liquidez e imposibilidade material de facer fronte ás obrigas económicas básicas, incluíndo o pagamento das nóminas do persoal e das cotizacións sociais.

Esta situación, allea á xestión da entidade, constitúe unha inviabilidade económica sobrevida, que impide continuar asumindo a prestación do servizo nas actuais condicións.

Por todo o exposto

COMUNICAMOS que esta entidade non pode continuar prestando o servizo a partir de agora, procedendo a poñer a disposición do Concello a xestión do mesmo, de xeito que asuma o servizo ata que saia e se resolva a licitación evitando deste xeito a entrada en concurso de acreedores, co fin de garantir a continuidade do servizo público e evitar prexuízos ás familias usuarias.

Así mesmo, faise constar expresamente que o servizo vén sendo desenvolvido por un equipo de 18 traballadoras, das que formamos parte, que levamos anos sostendo o funcionamento da escola con profesionalidade, experiencia e compromiso. Neste sentido, manifestamos a vontade de que a continuidade do servizo garanta os nosos dereitos laborais, ao tratarse de persoal que vén desempeñando de forma efectiva e continuada as súas funcións no centro.

A entidade amosa igualmente a súa disposición a colaborar nun proceso ordenado de transición, facilitando toda a coordinación e información necesarias para que a Administración poida asumir ou reorganizar o servizo nas condicións que considere oportunas.

A presente comunicación realízase aos efectos legais oportunos, derivada dunha situación de imposibilidade material non imputable a esta entidade”.

Así mesmo, dáse conta do informe da Secretaria do Concello en relación co asunto, seguinte:

INFORME:

O Artigo 29 da LCSP establece o seguinte:

“Cando ao vencemento do contrato non se formalizara o novo contrato que garanta a continuidade da prestación a realizar polo contratista, como consecuencia de incidencias resultantes de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación producidas no procedemento de adjudicación, e existan razóns de interese público para non interromper a prestación, poderase prorrogar o contrato orixinario ata que comece a execución do novo contrato, por un período máximo de nove meses, sen modificar as restantes condicións do contrato, sempre que o anuncio de licitación do novo contrato se publicara cunha antelación mínima de tres meses respecto da data de finalización do contrato orixinario”.

2.- Os contratos públicos están investidos dunha característica especial como é o feito de servir á consecución dun interese público. Esta circunstancia é particularmente relevante e intensa no el suposto dos contratos que teñen por obxecto un servizo que se presta aos cidadáns, o cal está afectado polo principio de continuidade na prestación del servizo.

A escola infantil municipal está calificada como servizo de atención socioeducativa para nenos e nenas de 0-3 anos, cunha tipoloxía esencial (Decreto 192/2015, de 29 de outubro polo que se define a caneira de servizos sociais de familia, infancia e adolescencia).

O principio de continuidade do servizo, ten reflexo no art. 288 da LCSP, cando se refire ao contrato de concesión de servizos, de forma que ao regular as obrigas do concesionario, se especifica que deberá "a) Prestar el servicio con la continuidad convenida y garantizar a los particulares el derecho a utilizarlo en las condiciones que hayan sido establecidas y mediante el abono, en su caso, de la contraprestación económica comprendida en las tarifas aprobadas." A continuación añádese un inciso non previsto na lexislación anterior conforme ao cal "En caso de extinción del contrato por cumplimiento del mismo, el contratista deberá seguir prestando el servicio hasta que se formalice el nuevo contrato."

A Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, no seu informe de 9 de maio de 2019 (núm. 31/17), recorda que o principio de continuidade do servizo foi consagrado expresamente entre as obrigas do concesionario nas sucesivas leis de contratos [art. 161.a) do TRLCAP, 256.a) da LCSP de 2007, 280.a) do TRLCSP e 288 da LCSP], e ao seu teor admítese a posibilidade de que se ordene que continúe a prestación con posterioridade á terminación do contrato. Tal posibilidade resulta asemade do establecido no artigo 128.1.1ª do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955, a teor do cal entre as obrigas do concesionario se encontra a de «1.ª Prestar o servizo do modo disposto na concesión ou ordenado posteriormente pola Corporación concedente, incluso no caso de que circunstancias sobrevidas e imprevisibles ocasionaren unha subversión na economía da concesión, e sen máis interrupcións que las que se terían producido no suposto de xestión directa municipal o provincial». Tal posibilidade deriva directamente das necesidades de interese público que o servizo supón e dos posibles prexuízos que a súa desaparición podería ocasionar.

Sobre a base do principio de continuidade do servizo tense xustificada a prolongación da prestación do servizo público en situacións como a que nos ocupa, posibilidade avalada pola xurisprudencia. Neste senso, o Tribunal Supremo na súa Sentenza do 18 de novembro de 1986, lembrando a súa propia doutrina (Sentenza do 22 de marzo de 1985), sostén que «non se está ante un caso de prórroga expresa ou tácita do contrato con plena aplicación da cláusula 9.ª que exclúe a revisión, senón ante unha situación excepcional en que, denunciado o contrato na forma legalmente establecida e pactada, a Administración por razóns de interese público unidas á necesidade de continuidade do servizo —e mentres non se seleccione ao novo contratista— impón coactivamente a permanencia do anterior cunhas consecuencias equiparables ás producidas cando a Administración fai uso das facultades que forman o contido do "ius variandi", coa ineludible contrapartida da compensación económica a favor do contratista ou concesionario dun servizo público...»

Na Sentenza de 23 de setembro de 2025 ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 de Pontevedra, na que o Concello é demandado por Servicio, Cultura, Deporte e Recreación S.L. nos fundamentos de dereito segundo, figura, entre outras, a seguinte consideración:

“Con independencia de la anterior consideración, y en cuanto al argumento que esencialmente esgrime la administración demandada para sostener la validez del acuerdo discutido, la compatibilidad de la regulación aplicable al contrato con la posibilidad de que la Administración, extinguido un contrato de concesión de servicios, pueda ordenar la prolongación de la prestación del mismo con fundamento en la necesidad de mantener la continuidad del servicio público y evitar los perjuicios que para el interés general pudiesen derivar de su interrupción, la sostenibilidad jurídica de dicho argumento, que supone asumir una contratación irregular, no derivada ni del procedimiento legal de contratación ni de una disposición legal expresa, pasa indispensablemente por el carácter provisional de la continuidad acordada, que habría de prolongarse por el tiempo estrictamente necesario para regularizar la situación a través de la tramitación del correspondiente procedimiento de licitación y adjudicación del nuevo contrato (en los términos que emplea la propia

administración demandada en su contestación a la demanda, pág. 10, “(...) por el periodo de tiempo necesario hasta la formalización del nuevo contrato”).

El acuerdo aquí recurrido respeta formalmente la referida exigencia, estableciendo que la continuidad en la gestión por parte de SERVICIO será “ata a aprobación do prego de cláusulas administrativas e técnicas que rexerán a licitación do Servizo así como durante o tempo necesario para a súa tramitación posterior e posta en funcionamento dun xeito efectivo por parte da nova empresa adxudicataria do servizo, e polo tanto (...) ata a adxudicación do novo contrato”.

Na actualidade polo Departamento de Contratación estase preparando a licitación do servizo de escola infantil municipal cunha previsión de adxudicación no primeiro trimestre de 2027 (ver horizonte temporal que prevé a Xefa do Departamento).

As consecuencias que para o contratista derivan da continuación da prestación do servizo, en tanto o Concello realiza a licitación do seguinte contrato, deben resolverse tendo en conta a proscripción do enriquecemento inxusto das partes no contrato. Conforme a este principio resulta lóxico entender que, unha vez prolongada a obriga de prestación do servizo público a un contratista por causa imputable á Administración, esta debe compensar ao contratista integramente pola totalidade dos gastos en que este tivera que incurrir para asegurar a continuidade da prestación. Por iso, a totalidade dos gastos que se xeren neste novo período deben ser adecuadamente compensados e a forma correcta de facelo é atendendo ás condicións previstas no contrato orixinal. Isto non quere dicir, que se siga cumprindo o contrato primixenio, pois o mesmo xa foi extinguido polo transcurso do seu prazo máximo, senón que a nova prestación que se executa extramuros do contrato é, con todo, similar á que se amparaba naquel, orixínase no contrato e debe cumprirse na medida do posible conforme ás previas estipulacións das partes.

Deste xeito, se por causas excepcionais, durante o período imprescindible para paliar esa situación excepcional, e atendendo á necesidade de garantir a continuidade na prestación do servizo, xustifícase que se prolongue a prestación do contratista, este deberá ser adecuadamente retribuído, especialmente no caso de que se altere o equilibrio económico en detrimento do contratista, o cal deberá restablecerse adecuadamente para atender ás necesidades que plantexe a prestación do servizo neste período. Tal prestación excede do contido do risco e ventura asumido polo contratista conforme ao contrato xa extinguido e, por iso, é claro que non ten que soportar as consecuencias económicas dunha situación non imputable a el e que vai máis aló do contrato nos termos pactados.

Por esta razón, o principio de risco e ventura propio do contrato de servizos debe ser, en definitiva, modulado para este período que, lóxicamente, debe ser transitorio e excepcional, polo tempo que resulte necesario para que o novo contratista asuma a prestación do servizo no novo contrato.

Neste senso se pronuncia o Tribunal Supremo en Sentencia 1066/2020 de 21 xullo.

Nesta situación ao non existir cobertura contractual, non se poden aplicar as súas cláusulas nin prerrogativas (como sería por exemplo unha hipotética modificación ou a aplicación de normas que regulan o restablecemento do equilibrio económico-financieiro), pero si unha compensación ao contratista para evitar unha situación de enriquecemento inxusto (informe da JCCE do 9 de maio de 2019) xa que o contratista, por causas non imputables a el (ou mesmo obrigado a continuar coa prestación), non ten que soportar un dano económico que sería contrario ao principio consagrado de evitar o enriquecemento inxusto, polo que, como di a JCCPE, «durante o tempo en que o contratista continúa prestando o servizo unha vez concluído o prazo fixado no contrato inicial, a Administración contratante debe compensar ao contratista integramente pola totalidade dos gastos que este tivese que incurrir para asegurar a continuidade da prestación e debe facelo, no que sexa posible, nos termos fixados no contrato inicial, debéndose modular o principio de risco e ventura neste período conforme a este principio».

A empresa Bonecos S.L. leva aducindo dende fai anos un desequilibrio económico ou deficit derivado da xestión do servizo, producíndose dende o ano 2023 por parte do concello as correspondentes compensacións económicas de diferentes cuantías atendendo aos resultados económicos das contas presentadas pola empresa, o que supoñía o abono a empresa da subvención recibida da Xunta de Galicia (66.000 €/anuais aproximadamente).

A Xunta de Goberno Local o día 13/10/2025 acorda aprobar o aboamento a bonecos S.L., a cuantía de 59.081,39 € en calidade de concesionaria da Escola Infantil Municipal de Vilagarcía de Arousa, con cargo á partida 323.48007, en base ao seguinte desglose:

Ano	Importes abonados polo Concello	Importe incrementado co IPC (a 1 de xaneiro)	
2019	403.564,57 €	(1%)	4.035,65 €
2020	420.641,70 €	(1,1%)	4.627,06 €
2021	348.566,81 €	(0,5%)	1.742,83 €
2022	383.221,91 €	(6,1%)	23.376,54 €
2023	428.801,89 €	5,9%)	25.299,31 €
TOTAL	Diferencia a favor de la concesionaria:		59.081,39 €

Na actualidade procedería abonar sobre as cantidades recibidas pola prestación do servizo durante os anos 2024 e 2025 o IPC correspondente e que ascende a 21.572,03 €, segundo o seguinte desglose:

IPC		ANO	Importe abonado polo Concello	Importe incrementado co IPC (a 1 de xaneiro)
	3,4 %	2024	365.285,64 €	12.419,71 €
	2,9 %	2025	315.597,03 €	9.152,31 €
	TOTAL			21.572,03 €

De acordo cos datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística a variación interanual do IPC entre xaneiro de 2019 e xaneiro de 2025 é do 21,5 %.

Isto supón que os gastos e custes en que Bonecos S.L. terá que incurrir para asegurar a continuidade na prestación do servizo na actualidade (no caso de que así se acordara), son un 21,5% máis custosos que en 2019.

En atención ao exposto, infórmase favorablemente:

- Aprobar o pago a Bonecos S.L. da cantidade de 21.572,03 €, correspondente ao IPC dos anos 2024 e 2025.
- Aprobar a continuidade forzosa da prestación do servizo de escola infantil municipal a partir do 01/04/2026 por parte da empresa Bonecos S.L. ata que comece a execución dun novo contrato de prestación do citado servizo (previsión 1º trimestre de 2027).
- A partir do 01/04/2026 e ata que comece a execución dun novo contrato de prestación do servizo, o concello incrementará sobre a facturación mensual dos custes de atención educativa e comedor, dos nenos e nenas en alta na escola infantil municipal, nunha porcentaxe dun 21,5 %.

O incremento estimado do gasto que asume o Concello para o ano 2026 (1 de abril – 31 decembro de 2026) ascendería á cantidade de 50.890,02 €, a razón de 5.654,45 €/mes.

- Que a continuidade na prestación do servizo de escola infantil municipal (no caso de aprobarse), dado que é similar á que se amparaba no contrato asinado no seu día, se rexa, na medida do posible, conforme aos pregos de condicións que rexeron dito contrato.
- Que de aprobarse os incrementos económicos citados, aínda non se cubrise durante o ano

2026 o posible déficit derivado do funcionamento da escola infantil municipal, se estudiaría o abono a Bonecos S.L. da subvención que recibe o Concello por parte da Xunta de Galicia, previa xustificación de gastos e ingresos.

- Conceder a Bonecos S.L. un prazo de 10 días para formular as alegacións que estime oportunas.
- Solicitar á Xunta de Galicia que o réxime de prezos que aplica para a concesión de axudas para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís de 0 a 3 anos, sexa incrementada anualmente conforme a variación que experimente o IPC.

Visto o exposto, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Autorizar, comprometer o gasto e o recoñecemento da obriga a favor de Bonecos S.L. da cantidade de 21.572,03 €, correspondente ao IPC dos anos 2024 e 2025.

- Aprobar a continuidade forzosa da prestación do servizo de escola infantil municipal a partir do 01/04/2026 por parte da empresa Bonecos S.L. ata que comece a execución dun novo contrato de prestación do citado servizo (previsión 1º trimestre de 2027).

- A partir do 01/04/2026 e ata que comece a execución dun novo contrato de prestación do servizo, o concello incrementará sobre a facturación mensual dos custes de atención educativa e comedor, dos nenos e nenas en alta na escola infantil municipal, nunha porcentaxe dun 21,5 %.

O incremento estimado do gasto que asume o Concello para o ano 2026 (1 de abril – 31 decembro de 2026) ascendería á cantidade de 50.890,02 €, a razón de 5.654,45 €/mes.

- Que a continuidade na prestación do servizo de escola infantil municipal (no caso de aprobarse), dado que é similar á que se amparaba no contrato asinado no seu día, se rexa, na medida do posible, conforme aos pregos de condicións que rexeron dito contrato.

Que de aprobarse os incrementos económicos citados, aínda non se cubrise durante o ano 2026 o posible déficit derivado do funcionamento da escola infantil municipal, se estudiaría o abono a Bonecos S.L. da subvención que recibe o Concello por parte da Xunta de Galicia, previa xustificación de gastos e ingresos.

- Conceder a Bonecos S.L. un prazo de 10 días para formular as alegacións que estime oportunas.

- Solicitar á Xunta de Galicia que o réxime de prezos que aplica para a concesión de axudas para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís de 0 a 3 anos, sexa incrementada anualmente conforme a variación que experimente o IPC.

## **EMPREGO**

### **PRP2026/1339**

Dáse conta do escrito presentado pola ASOCIACIÓN CENTRO COMERCIAL ABERTO ZONA ABERTA o 27 de xaneiro de 2026, no que solicita que se convoque a mesa local de comercio.

O DECRETO 183/2011, do 15 de setembro, polo que se regulan as mesas locais do comercio, no seu artigo 9, relativo ao funcionamento deste órgano colexiado, establece que as mesas locais do comercio reuniranse como mínimo unha vez ao ano en sesión ordinaria, e en cantas sesións extraordinarias se convoquen.

O artigo 4 do Edicto publicado no BOPPO de data 24 de xuño de 2011, relativo á aprobación do Regulamento polo que ha de rexerse a MESA LOCAL DE COMERCIO do Concello de Vilagarcía de Arousa, establece que a Mesa Local de Comercio, reunirase con carácter ordinario dúas veces no ano, unha en cada semestre.

Con carácter extraordinario, poderá convocarse a Mesa se así o dispón o Sr. Alcalde ou o solicitan 2/3 das persoas que conforman a Mesa Local de Comercio.

Tendo en conta a solicitude formulada pola Entidade Zona Aberta, e vista a proposta da Concellería

de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a convocatoria da mesa local de comercio, para o vindeiro día 27 de abril ás 12:30 horas en primeira convocatoria, e ás 13:00 horas en segunda.

### **PRP2026/1385**

Dase conta da resolución de concesión da subvención recibida da Xefatura Territorial de Vigo da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, do Proxecto de Obradoiro dual de emprego denominado “OBRADOIRO DE EMPREGO FORME 2026 CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA” (TR353-2025/000010-5) do Concello de Vilagarcía coas seguintes características:

Número de participantes: 20

Duración do proxecto: 9 meses

Data de previstas: 01/06/2026 ao 28/02/2027

Subvención concedida: 454.552,00€ para gastos de formación e funcionamento e 38.000€ para incentivos á contratación, se é o caso.

O importe da subvención, indican que terá carácter estimado, e as cantidades efectivas a aboar na fase de liquidación do proxecto, estará en función da contía do SMI e das cotas á Seguridade Social, vixentes cada ano, así como do número de alumnos/as traballadores/as que participen no proxecto.

Especialidades e número de alumnos

- PAVIMENTOS E ALBANELERÍA DE URBANIZACIÓN: (10 alumnos/as)

Certificado de profesionalidade NIVEL 2 EOCB0211

- INSTALACIÓN DE ELEMENTOS DE CARPINTERÍA (10 alumnos/as)

Certificados de profesionalidade NIVEL 2 MAMS0108

As obras a executar serán as xa reflectidas no proxecto, correspondentes a estas especialidades:

A contía da subvención concedida é de 492.552,00€ distribuída por anualidades

ANUALIDADE	IMPORTE
2026	340.914,00€
2027	151.638,00€

Subvención total do proxecto:

MÓDULO A	MÓDULO B	GASTOS SALARIAIS ALUMNOS/TRAB.	TOTAL
129.312,00€	36.576,00€	288.664,00€	492.552,00€

No caso de que o Concello achegue compromisos de contratación en empresas, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, subvencionará un importe fixo de 4.500€ por cada persoa traballadora contratada por unha empresa externa ao finalizar o Obradoiro, cun contrato mínimo de 3 meses a xornada completa.

O Concello de Vilagarcía deberá fianciar os custos non subvencionados pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración no período do programa de actuación, que se orzamentan nun total de 35.000€.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## **EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

### **EDUCACIÓN**

#### **PRP2026/1282**

Dáse conta de Proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, na que indica que o pasado mes de outubro 2025, procedeuse a adxudicación á empresa González Hogar y Moda

S.L. con CIF B36252328 da substitución das cortinas venecianas do Conservatorio Profesional de Música por estores enrolables.

Que, ao tempo, adxudicouse a outra empresa a reposición das fiestras de toda a primeira planta do Auditorio Municipal, obra que ten finalizado recentemente.

Que coma consecuencia da reposición das fiestras, cun novo sistema de apertura frontal e abatible, é preciso modificar e rectificar algún dos estores xa instalados.

Postos en contacto novamente coa empresa que subministrou os estores González Hogar y Moda S.L. con CIF B36252328 ten facilitado un orzamento para proceder ao axuste do do estor que o precisa.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa González Hogar y Moda S.L. con CIF B3625232, para o axuste dos estores do Conservatorio Profesional de Música e modificación de tubos e soportes, por un total de 193,60 € (160,00 € + 33,60 € do 21 % do IVE ) con cargo ao á partida 3261 212.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2026/1294**

Dáse conta de proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, na que indica:

Primeiro.- Que o vindeiro mes de xuño 2026 deben celebrarse as probas de acceso da convocatoria ordinaria aos cursos 1º do grao elemental e 1º do grao profesional do Conservatorio Profesional de Música para o curso académico 2026-2027 segundo o estipulado na lexislación educativa en vigor. Compre pois proceder á aprobación da Oferta pública de prazas sinalada na Orde do 18 de xullo de 2008, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, que cita no seu artigo 2º.2. “2. Os conservatorios e os centros autorizados deberán poñer en coñecemento da Inspección Educativa, con anterioridade ao 30 de abril, a oferta de especialidades para o acceso ao grao profesional, con indicación expresa do número de vacantes para cada unha delas.

Por outra banda é preciso establecer os prazos de matrícula para as probas de acceso da convocatoria ordinaria e extraordinaria, solicitudes de traslado de expediente e a matriculación do alumnado no curso académico 2026-2027.

As probas de acceso da convocatoria ordinaria, tanto ao grao elemental coma ao grao profesional, terán lugar a partir do 8 de xuño de 2026. As probas de acceso da convocatoria extraordinaria, no suposto de ter solicitudes e aceptalas, terán lugar os días 22-23 de xuño. As solicitudes de traslado de expediente poden realizarse desde o 4 de maio ata o 12 de xuño de 2026, ámbolos dous inclusive.

Segundo.- Que nesta proposta unicamente se teñen incluído aquelas prazas que a día de hoxe consideramos quedarán vacantes para o próximo curso académico 2026-2027. Ditas prazas corresponden, maioritariamente, a alumnado que figura nalgún dos seguintes supostos:

- Vacantes producidas ao longo deste curso.
- Alumnado que está previsto remate o grao elemental o vindeiro mes de xuño e, por conseguinte, se presente ás probas de acceso ao grao profesional ou ben libere a súa praza.
- Alumnado que está previsto remate este curso os seus estudos do grao profesional neste centro e, por conseguinte, libere a súa praza.
- Horas lectivas dispoñibles do profesorado do centro.

Tendo presente a experiencia acumulada, é posible que de aquí ao final do curso 2025-2026

dispoñamos de datos que nestes intres descoñecemos e que afecten á oferta de prazas 2026-2027 que figura neste informe. Por elo esta Dirección solicita autorización para que, no suposto de que isto suceda, realizar aquelas modificacións que fosen precisas para o correcto desenvolvemento do centro, mantendo sempre a actual contratación do profesorado, e adecuando a oferta pública de prazas ás posibilidades do centro, informando a XGL cando sexa preciso.

Terceiro.- Que a proposta da Oferta Pública de Prazas 2026-2027 é a seguinte:

OFERTA PÚBLICA DE PRAZAS CURSO 2026-2027			
ESPECIALIDADE	G. ELEMENTAL	G.PROFESIONAL	TOTAL
CLARINETE	0	1	1
FRAUTA	2	1	3
GAITA	0	1	1
GUIARRA	2	1	3
PERCUSIÓN	0	1	1
PIANO	2	2	4
SAXOFÓN	1	1	2
TROMBÓN	0	1	1
TROMPA	0	1	1
TROMPETA	2	1	3
VIOLÍN	2	1	3
VIOLONCHELO	1	1	2
TOTAIS	12	13	25

Cuarto.- Que a proposta de oferta pública de prazas 2026-2027 que figura sobre estas liñas, mantén as mesmas condicións de contratación que as actualmente existentes para o persoal do centro, e implica a renovación do nomeamento dos TRES funcionarios interinos da Bolsa de Traballo de profesorado do Conservatorio Profesional de Música.

En calquera caso non suporá alteracións no total das horas de contratación do persoal do centro. Por conseguinte, cara o mes de setembro 2026, será preciso proceder ao chamamento de persoal da Bolsa para a cobertura dos seguintes postos para o curso 2026-2027:

- Profesor/a de Composición
- Profesor/a de Gaita
- Profesor/a de Violonchelo (cubriendo a excedencia da profesora titular)

Quinto.- Que, en relación aos puntos anteriores, compre establecer un calendario de matriculación de alumnado para o curso 2026-2027 tal e como segue:

- Matrícula nas probas de acceso para o curso 2026-2027: do luns 4 de maio ao xoves 21 de maio de 2026
- Matrícula para o alumnado actualmente matriculado no centro para o curso 2026-2027: do xoves 4 ao mércores 10 de xuño de 2026
- Matrícula para o alumnado que ten superado as probas de acceso de xuño 2026 para o curso 2026-2027: do venres 12 ao mércores 17 de xuño de 2026
- Solicitudes de traslado de expediente e acceso extraordinario curso 2025-2026: do 4 de maio ao 12 de xuño de 2026

A matriculación do alumnado realizarase preferiblemente online, aínda que aquelas familias que teñan dificultades en realizala deste xeito poderán acudir á Secretaría do centro para a súa formalización.

Por todo o anteriormente exposto a Xunta de Goberno Local, acorda:

Primeiro.- Aprobar a Oferta Pública de Prazas para o curso 2026-2027 que figura no apartado Terceiro así como do calendario de matriculación que figura no punto Quinto do informe.

Segundo.- Autorizar á Dirección do centro:

- Para a adopción das medidas organizativas precisas e necesarias para poder levar a cabo a matriculación de alumnado para o vindeiro curso 2026-2027.
- Para a modificación da oferta pública de prazas e do calendario de matriculación, no suposto de ser urxente e necesario, informando de seguido a XGL e mantendo en calquera caso os límites actuais de contratación do profesorado.

## XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

### NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

#### PRP2026/1335

Dáse conta de informe-proposta do Servizo de Normalización Lingüística, no que se indica:

O Día das Letras Galegas é unha celebración anual institucionalizada desde 1963 pola Real Academia Galega (RAG) para exaltar e promover a nosa literatura e a nosa lingua. Cada ano o 17 de maio –data de publicación dos Cantares gallegos de Rosalía de Castro hónrase un autor ou autora significado polo seu labor na defensa e promoción do noso idioma e da nosa cultura.

Esta efeméride é unha das citas máis importantes do calendario cultural galego e esténdese máis alá dunha celebración dun día concreto, pois concerta programacións de distintas institucións, organizacións e entidades de todo tipo ao longo, sobre todo, do mes de maio.

Este ano, a gran festa das nosas letras acada a edición número sesenta e tres. A RAG decidiu dedicar o Día das Letras Galegas 2026 á xornalista e escritora Begoña Caamaño, autora das obras narrativas Circe ou o pracer do azul (2009) e Morgana en Esmelle (2012), e outras que deixou inconclusas polo seu prematuro falecemento.

O programa aposta por unha proposta variada, colaborativa e interxeracional, coa finalidade de que chegue a toda a cidadanía.

Con esta mesma filosofía, a programación das actividades das Letras Galegas 2026 está promovida polo Servizo de Normalización Lingüística da Concellería de Cultura, mais conta coa colaboración doutros departamentos municipais; en concreto, da Concellería de Educación (para o Festival Escolar) e da Biblioteca (para o contacontos).

O desenvolvemento do programa terá lugar en distintos espazos do Concello no mes de maio, se ben o día 17 concentra, como é lóxico, a meirande parte das actividades.

#### PROGRAMA LETRAS GALEGAS 2026

##### MARTES 05 MAIO

-OBRADOIRO LETRAS GALEGAS: BAILE. MONDRA NA ESCOLA

09.50 IES O CARRIL

12.00 IES A. COTARELO VALLEDOR

##### SÁBADO 09 MAIO

-XVIII FESTIVAL DAS LETRAS GALEGAS NÓS DE SOBRADELO. GRUPO CONVIDADO: MOCEDA DE DA TORRE 83 19.00 SALA PRINCIPAL AUDITORIO

##### MARTES 12 MAIO

-ACTUACIÓN DO GRUPO NÓS DE SOBRADELO

17.00 IES A. COTARELO VALLEDOR

XOVES 14 MAIO	
-FESTIVAL ESCOLAR DÍA DAS LETRAS GALEGAS A CARGO DOS CENTROS DE ENSINO. Agasallo de libros para as bibliotecas dos centros participantes	
11.00	SALA PRINCIPAL AUDITORIO
VENRES 15 MAIO	
-PROYECCIÓN FILME LETRAS GALEGAS A CARGO DE CINE CLUBE ÁDEGA: «Antes de nós», de Ángeles Huerta	
20.00	SALÓN GARCÍA
SÁBADO 16 MAIO	
-TEATRO A CARGO DE AVELAÍÑA TEATRO: «Almas na gloria: Don Paco»	
20.30	SALÓN GARCÍA
DOMINGO 17 MAIO	
-LETRAS GALEGAS NO CARRIL	
11.00	RÚAS DO CARRIL. Pasarrúas a cargo do grupo Malveiras
12.00	PRAZA DA LIBERDADE. Baile tradicional + Pandeiretas. Malveiras
12.30	PRAZA DA LIBERDADE. Ofrenda floral a Rosalía de Castro
13.00	PRAZA DA LIBERDADE. Concerto a cargo de Antonio Barrios e iAlma
SÁBADO 23 MAIO	
-CONTACONTOS ILUSTRADO «BEGOÑA CAAMAÑO» A CARGO DE POLO CORREO DO VENTO S. C.	
12.00	BIBLIOTECA MUNICIPAL
-TEATRO DE MONICREQUES «AS SETE BOINAS DO AVIADOR» A CARGO DE FANTOCHES BAJ. Actividade da Rede de Dinamización Lingüística da Xunta de Galicia FalaRedes	
18.00	SALÓN GARCÍA

Para a organización das distintas actividades, o Concello de Vilagarcía de Arousa conta coa colaboración de distintas entidades culturais e veciñais. O gasto previsto estimado detállase desagregado na seguinte táboa:

GASTO PROGRAMA LETRAS GALEGAS 2026									
CONCEPTO	PROVEDOR	NIF	BASE IMPOÑIBLE	TIPO IVE (%)	IVE (€)	IMPORTE CON IVE	IRPF (%)	IRPF	TOTAL
RECEPCIÓN DO GRUPO CONVIDADO AO FESTIVAL DAS LETRAS GALEGAS 2026, XVIII EDICIÓN: MOCEDA DE DA TORRE 83	A. C. NÓS DE SOBRADELO Rúa A Peneira, 15, Sobradelo, Vilagarcía de Arousa 36611	G36043933	1000,00	0%	0,00	1000,00			
2 OBRADOIROS BAILE TRADICIONAL «MONDRA NA ESCOLA», UN NO IES O CARRIL + UN NO IES COTARELO	SEISPÉS PRODUCCIÓN CREATIVAS Paredes de Laraño, 29, 15896 Santiago de Compostela	B70328745	523,40	0%	0,00	523,40			
ACTUACIÓN BAILE NÓS DE SOBRADELO NO IES ARMANDO COTARELO. LETRAS GALEGAS	A. C. NÓS DE SOBRADELO Rúa A Peneira, 15, Sobradelo, Vilagarcía de Arousa 36611	G36043933	391,00	0%	0,00	391,00			
REPRESENTACIÓN TEATRAL AVELAÍÑA TEATRO «ALMAS NA GLORIA: DON PACO»	AVELAÍÑA TEATRO Loureiro Crespo, 1, 36001, Pontevedra	G94057155	600,00	0%	0,00	600,00			

50 LIBROS Colección Mulleres Galegas: «BEGOÑA CAAMAÑO». AGASALLO FESTIVAL ESCOLAR DAS LETRAS GALEGAS	LELA EDICIÓNS Rúa Sarmiento, 36, 2.º C, 36002 Pontevedra	E22964753	384,62	4%	15,38	400,00			
PASARRÚAS ACTUACIÓN BAILE. LETRAS GALEGAS NO CARRIL	A. C. MALVEIRAS Rúa Castillejos, 7, O Carril, 36610 Vilagarcía de Arousa	G36136679	391,00	0%	0,00	391,00			
CONCERTO LETRAS NO CARRIL: Antonio Barros e iAlma	BEATRIZ GÓMEZ FANDIÑO Carracido 19 A, 36400 O Porriño	53187385T	1800,00	21%	378,00	2178,00	15%	270,00	1908,00
CONTACONTOS ILUSTRADO CON MÚSICA «BEGOÑA CAAMAÑO»	COLECTIVO XURELO (Enrique Mauricio Iglesias) Rúa Sarmiento, 36, 2.º C, 36002 Pontevedra	76827870G	400,00	21%	84,00	484,00	15%	60,00	424,00
IMPREVISTOS			500,00	0%	0,00	500,00			
TOTAL	5990,02					6467,40			

Así, o total do gasto previsto, segundo os orzamentos indicados e que se achegan con esta proposta, é de 6467,40 (seis mil catrocentos sesenta e sete con corenta) euros, IVE engadido, a conta da partida do orzamento vixente: 334.22637-SERV. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA. A este orzamento computaráselle os gastos da Sociedad General de Autores de España (SGAE).

Así mesmo, cómpre indicar que parte dos gastos desta programación se presentarán ás subvencións convocadas pola Secretaría Xeral da Lingua da Xunta de Galicia (Orde do 18 de marzo de 2026 pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega e se procede á súa convocatoria para o ano 2026, código de procedemento PL400A, publicada no Diario Oficial de Galicia 63, do martes 7 de abril de 2026).

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar a programación prevista para a celebración do Día das Letras Galegas 2026.

SEGUNDO: Aprobar a adxudicación dos contratos para o desenvolvemento da programación das Letras Galegas 2026, conforme á taboa anterior.

TERCEIRO: Aprobar o gasto da programación das Letras Galegas 2026 por un importe previsto de 6467,40 € (seis mil catrocentos sesenta e sete con corenta) IVE engadido, con cargo á partida 334.22637.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### PRP2026/1340

No Diario Oficial de Galicia número 63, do martes 7 de abril de 2026, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia publicou a Orde do 18 de marzo de 2026 pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento PL400A).

O procedemento ten por obxecto establecer axudas para fomentar a prestación dun servizo lingüístico da lingua galega, mediante a súa creación ou o mantemento ou reforzamento dos

existentes, ou promover a planificación e o desenvolvemento de programas de dinamización da lingua galega, para o ano 2026, en concellos ou en agrupamento de concellos con poboación igual ou superior aos 3000 habitantes.

Vista a proposta do Servizo de Normalización Lingüística, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Aprobar a presentación dunha solicitude para as axudas, en concorrencia competitiva, da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega para o ano 2026, na modalidade b) das bases: mantemento ou reforzamento dun servizo lingüístico, que considera subvencionables os gastos de persoal e os gastos que supoña a realización de accións ou actividades de dinamización lingüística no período de xaneiro a outubro de 2026.

O importe total que se presenta é o seguinte:

PROGRAMA / ACTIVIDADE	IMPORTE € (sen IVE)
Club de Debate Alingua 2025-26	4686,24
Programa de actividades Letras Galegas 2026	3923,40
«Implicados co galego no comercio local» 2026	3300,00
Folk no Aobre 2026	14950,00
Representación teatral «Berenguela na gaiola»	2000,00
GASTOS PROGRAMAS DINAMIZACIÓN	28859,64
GASTOS PERSOAL SNL XAN-OUT 2026	40736,53
TOTAL GASTOS PRESENTADOS	69596,17

Segundo: Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria, Orde do 18 de marzo de 2026 pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento PL400A), publicada no Diario Oficial de Galicia número 63, do martes 7 de abril de 2026.

Terceiro: Facultar a técnica de Normalización Lingüística para a presentación e xestión telemática da dita solicitude.

## XUVENTUDE

### PRP2026/1338

O Concello de Vilagarcía, a través da Concellería de Xuventude, organizou (In)Fórmate, a IV edición da Xornada Técnica sobre Formación e Futuro laboral dirixido a estudantes de 4º da ESO, 1º de bacharelato e 1º de ciclos medios e 1º de ciclos superiores de formación profesional dos centros educativos de Vilagarcía.

Esta actividade tivo como finalidade a de orientar ao alumnado sobre a elección dos seus estudos futuros e posibles saídas laborais, por tanto, tratouse de que o estudantado puidese acceder a toda a información posible para elixir o seu futuro académico e profesional.

Por todo o anterior, realizáronse diferentes actividades para que a mocidade puidera elixir con máis facilidade o seu futuro laboral tales como:

- Mostra expositiva coa presenza de máis de 20 institucións educativas: Universidades, Institutos de formación, Escolas Superiores etc.,.
- Relatorios de diversos-as profesionais sobre diferentes experiencias académicas e laborais.
- Obradoiros interactivos empregando novas tecnoloxías, etc,

Esta actividade aprobouse por unha cantidade estimativa de 5708,92€ (IVE engadido) e dado que a citada actividade ascendeu a un importe total de 4.708,92 €, e vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda o reintegro Do IMPORTE TOTAL DE 1000€,

correspondente aos imprevistos, de 1000€ (IVE engadido) á partida orzamentaria 2314.22610.

## **TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

### **MEDIO AMBIENTE**

#### **PRP2026/1278**

Dáse conta de Proposta do Servizo Municipal de Parques e Xardíns, en relación co parque infantil de Rubiáns, que se atopa deteriorado e en mal estado sendo necesaria a reparación de 4 elementos por atoparse desgastados e/ou deteriorados, polo que resulta necesario a súa restauración.

Vistos os orzamentos presentados, a Xunta de goberno local acorda adxudicar o contrato menor de reparacións no Parque Infantil de Rubiáns á empresa NELMAR SL, con CIF B36176832 por un importe de 9.304,90 € (IVE incluído), con cargo á partida orzamentaria 171-22615, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2026/1364**

Na parte dispositiva do contrato do servizo e transporte de residuos e limpeza viaria recóllese a obriga por parte da empresa concesionaria do servizo, Urbaser S.A da realización de varias campañas de educación ambiental.

Polo Departamento de Medio Ambiente, dáse conta á Xunta de Goberno Local de que en cumprimento desta obriga tense previsto realizar nos meses de abril e maio de 2026 a realización dunha actividade consistente nun concurso de debuxo infantil entre os escolares dos cursos de 3º, 4º e 5º de primaria en varios centros educativos do término municipal e a realización de 6 obradoiros.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## **TURISMO**

#### **PRP2026/1292**

Dada a relevancia da feira Festur, Feira de Festas de Interese Turístico, dende o ano 2014, que se celebrará no recinto feiral de Silleda os días 4 e 7 de xuño, pola Concellería de Turismo considerase de interese estratéxico para este Concello a participación neste evento para a promoción das súas festas recoñecidas como de Interese Turístico como a de San Roque e a Festa da Ameixa de Carril, así como dos recursos turísticos máis representativos da cidade. A promoción exterior é unha competencia municipal esencial para o desenvolvemento económico local. As festas de interese turístico son o noso principal escaparate; a súa difusión atrae visitantes, o que provoca unha dinamización do sector hostaleiro e o comercio local, xerando un impacto positivo na economía do concello.

Vista a proposta da Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.– Ratificar a participación oficial do Concello de Vilagarcía de Arousa na feira de turismo en Silleda, que terá lugar do 4 ao 7 de xuño, co obxectivo da promoción e divulgación das Festas de Interese Turístico e recursos locais.

SEGUNDO.– Autorizar o gasto correspondente ao desprazamento do persoal técnico, por un importe de 30,21 €, con cargo á partida 432.23120.

TERCEIRO.– A colaboración dos seguintes departamentos:

- Servizo de Xardíns: para a cesión temporal de plantas e elementos ornamentais destinados á ambientación do stand municipal.
- Servizo de obras: para realizar as tarefas de carga e transporte do material necesario para o evento.
- Área de Comunicación: para o deseño e elaboración específica de cartelería promocional das festas de interese turístico e lonas de gran formato e material gráfico destinado ao revestimento do stand, co obxectivo de dar visibilidade aos recursos turísticos da cidade. A creación de material gráfico propio permite xerar un banco de recursos que poderá ser reutilizado en futuras promocións.

## **POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**

### **MULLER E PERSOAS MAIORES**

#### **PRP2026/1305**

Dáse conta da Resolución da Dirección xeral de Loita contra a Violencia de Xénero de data 10 de marzo de 2026 pola que resolve conceder ao Concello de Vilagarcía de Arousa a subvención solicitada destinada ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas para o ano 2026 (chave SI461A-2026-45)

A contía da subvención que se concede é destinada a contratación a xornada completa durante 12 meses de 4 mulleres por importe de 93.829,20€ o equivalente necesario para sufragar durante o período de contratación, as retribucións salariais brutas totais, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e as cotas á Seguridade Social, na mesma cantidade que a fixada para o salario segundo o convenio colectivo ou normativa laboral vixente no momento de formular a solicitude e acorde coa súa categoría profesional.

Non se consideran, a efectos desta subvención, custos salariais subvencionados o importe da indemnización prevista polo artigo 49.1.c do Estatuto dos Traballadores, así como incentivos e gratificacións extrasalariais que non formen parte da base de cotización.

Polo que o Concello deberá aportar 2.214,24€ en concepto de indemnización anual por cese das catro traballadoras.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2026/1382**

Vista a proposta da Concellería da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a conta xustificativa da subvención concedida pola Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, por importe de 52.000,00€, facendo constar:

- Que polo servizo se cumpriu coa finalidade da subvención.
- Segundo consta no informe da Intervención Municipal se tomou razón en contabilidade do gasto correspondente á execución do Programa de apoio ao CIM.
- En relación ao posto de axente de igualdade, se informa do seguinte: a funcionaria titular do posto dona Adriana Beloso Rodriguez se encontra en situación de Incapacidade permanente, pendente de revisión dende abril de 2025. Cubrindo esta vacante está contratada dona Paula Rodríguez Beltrán como funcionaria interina en substitución da titular.
- En relación ao contrato externo para a prestación do servizo de asesoramento xurídico, informar que o mes de marzo de 2026, a avogada tivo unha situación de ILT , polo que non se presentou a factura correspondente a dito período.
- Que se realizaron os gastos que se relacionan nesta conta xustificativa:

...)

## **CULTURA**

### **PRP2026/1293**

A concellería de Cultura ten programada a exposición “Espiral de Cor” da artista plástica Menchu Lamas.

A exposición estará aberta ao público do 10 de abril ao 24 de maio de 2026 , en horarios de luns a sábados de 10:30 a 13:30h e de 18:00 a 21:00h e domingos de 11:00 a 14:00h.

A fase de montaxe e desmontaxe comeza unha semana antes da inauguración e remata na seguinte desde a clausura.

A exposición conta cun total de 31 pezas de pintura en distintos tamaños e todas feitas en técnica mixta sobre tea.

As obras que forman parte desta exposición alcanzan un valor estimado pola autora de 431.000,00 catrocentos trinta e un mil euros e non son cubertas pola póliza xeral de RC do Concello, polo cal necesitan dun seguro específico, tal e como ven sendo costume neste tipo de exposicións artísticas.

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a HISCOX SA, a contratación do seguro para a exposición “ESPIRAL DE COR” por un total 416,38 € (Prima neta: 385,00€+Impostos: 31,38 €+ CCS: 0,00€), con cargo á partida 334.224, de conformidade coa oferta presentada.

A data da cobertura é desde o 10 de abril 29 de maio de 2026 , cubrindo desde a montaxe á desmontaxe da exposición.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2026/1302**

Vista a solicitude de Asociación Cultural Comisión de Festas Santa Marta, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración dun serán (xantar popular) o vindeiro día 16 de maio de 2026:

- Actuación da Asociación Cultural Folklórica Os Terribles de Arousa - Gaitas, por un importe de 225,00 €, con cargo á partida 334.22609.

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado, sendo isto requisito para efectuar a aprobación da factura correspondente e o aboamento da mesma.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

### **PRP2026/1303**

Vista a solicitude da Asociación Cultural Recreativa Contra Vento e Marea, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello das seguintes actuacións, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración das festas na honra de Santa Marta en A Laxe, os días 31 de xullo, 1 e 2 de agosto de 2026:

NOME DO GRUPO	C.I.F.	DÍA ACTUACIÓN	IMPORTE
ASOCIACIÓN CULTURAL OS TERRIBLES DE AROUSA • Gaitas-	G36436947	31-07-2026	391,00€
ASOCIACIÓN CULTURAL OS TERRIBLES DE AROUSA • Gaitas-	G36436947	01-08-2026	225,00€
ASOCIACIÓN CULTURAL LUMARADA DE CORNAZO • Gaitas -	G94150414	02-08-2026	350,00€
ASOCIACIÓN CULTURAL CORAL SAN PEDRO DE CORNAZO – Coral-	G94108933	02-08-2026	300,00€

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado, sendo isto requisito para efectuar a aprobación da factura correspondente e o aboamento da mesma.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

#### **PRP2026/1304**

Dáse conta de proposta da Concellería de Cultura para a aprobación de gasto de diversas actuacións dentro do Programa denominado Agora Vermú 2026, que consiste en un ciclo de concertos, este ano serán 5 actuacións musicais, en horario matutino no mes de maio e xuño (domingos 24 e 31 de maio e domingos 7, 14 e 21 de xuño) e que serán de balde para todo o público:

Este ciclo de concertos ten como obxectivo:

- dinamizar e promocionar a actividade lúdica e festiva
- Favorecer a conciliación e o desfrute en familia do tempo libre
- Fomentar a creación e a composición musical
- Fomentar a participación cidadá, realizando actividades para novos e maiores, unha mestura de xeracións, xeografías e inquedanzas, baixo o interese común dos produtos musicais galegos.
- Axudar a dinamización e promoción turística
- Fomentar a creación e a composición musical
- Apoiar a hostalería local

Este ciclo de ÁGORA VERMÚ desenvólvese en distintas rúas como obxectivo de descentralizar e fomentar a actividade cultural en distintos lugares de Vilagarcía (Piñeiriño, Os Duráns, Avda. da Mariña, Carril e Vilaxoán).

Vista a proposta, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto por un importe total de 12.556,88 €, coa seguinte desagregación:

Día Actuación	PROVEEDOR	C.I.F.	CONCEPTO	B.I.	I.V.A. 21%	IMPORTE LÍQUIDO	PARTIDA
24-05-2026	A.C. LOBICÁN	G70201769	CACHÉ ACTUACIÓN BARBITÚRICOS	800,00€	168,00€	968,00€	

								334.22609
31-05-2026	FETÉN PRODUCCIONES S.L.U.	B27434133	CACHÉ ACTUACIÓN SESSIONS DAYDREAM	1.250,00 €	262,50€		1.512,50€	334.22609
07-06-2026	ESPECTÁCULOS MUSICALS LAROUCO S.C.G	F44759462	CACHÉ ACTUACIÓN ALEXANDRA CARRERA	200,00€	42,00€		242,00€	334.22609
14-06-2026	AMY PRODUCCIONES S.L.	B38674867	CACHÉ ACTUACIÓN EFFATHA, LIGHT LOVE BY JUAN LORENZO	2.238,50	EXENTO		2.238,50€	334.22609
21-06-2026	DIEGO BASADRE BARREIRO	78791916B	CACHÉ ACTUACIÓN AMARAMAR	844,63€	177,37€		1.022,00€	334.22609
			TOTAL				5.983,00 €	

Adjudicar o gasto correspondente a aluguer de material e produción técnica, servizo que prestará DIEGO BASADRE BARREIRO con N.I.F. 79791916B, para a celebración dos concertos programados na actividade denominada AGORA VERMÚ 2026, e que a continuación se detalla:

- Aluguer e montaxe – Importe total 3.628,35€ (B.I.: 2.998,64€ + 629,71€ (21% i.v.e), con cargo á partida 334.203

- Asistencia técnica – Importe total 2.945,53€ (B.I.: 2.677,75€ + 267,78€ (10% i.ve.), I.R.P.F. 15%(-401,66€) liquido a percibir: 2.543,87€. , con cargo á partida 334.22799

Será a cargo do Concello de Vilagarcía os gastos correspondentes a SGAE (Sociedad General de Autores e Editores)

## CONTRATACIÓN

### PRP2026/1277

Dáse conta da proposta da Concellería de Urbanismo, para adjudicar o contrato menor de servizos de redacción da ordenanza reguladora das vivendas de uso turístico no Concello de Vilagarcía de Arousa e asesoramento Xurídico durante a súa tramitación ata a aprobación definitiva, na que se indica o seguinte:

En Galicia, o turismo é unha fonte de ingresos. As plataformas dixitais transformaron o mercado do aloxamento turístico, permitindo que vivendas particulares compitan directamente cos aloxamentos tradicionais. Este modelo de servizos turísticos democratiza o turismo, ofrecendo considerables vantaxes como a redución de custos de procura, a comparación de aloxamentos en liña, sistemas de pago electrónicos, e mecanismos de reputación que proporcionan información sobre os aloxamentos.

Neste contexto, e logo de comprobar a relación de vivendas declaradas en Vilagarcía de Arousa ante a Axencia de Turismo de Galicia e a súa inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia (REAT), verificouse que se estaba a exercer a actividade de uso turístico en vivendas, sen contar coa habilitación administrativa municipal.

Polo dito, con esta regulación trátase de acomodar este uso en expansión e establecer o procedemento e control a través da comunicación previa da actividade, e acadar o equilibrio entre as distintas necesidades da cidadanía.

Solicitado orzamento á empresa BER&MOR ABOGADOS, S.L., especializada en traballos como os que son obxecto deste contrato, esta remite o seguinte orzamento:

Sen IVE	IVE 21%	IVE incluído
2.800,00€	588,00 €	3.388,00 €

O prazo de execución será de 1 MES.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de servizos, denominado “Redacción da ordenanza reguladora das vivendas de uso turístico NO Concello de Vilagarcía de Arousa E asesoramento Xurídico durante a súa tramitación ata a aprobación definitiva”, á mercantil BER&MOR ABOGADOS, S.L (B15527831), por un importe de 2.800,00€ (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE 21% de 588,00 €, o que totaliza un importe de adxudicación (IVE incluído) de 3.388,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 150-22799.

#### **PRP2026/1295**

Dáse conta de Resolución da Deputación Provincial de Pontevedra, pola que se concede ao Concello de Vilagarcía de Arousa, a cantidade de 100.944,99 € con destino ao financiamento do investimento "Reposición de muros de cerramento en campos de fútbol municipais de a Pelada e Vilaxoán" ao abeiro do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas", cun orzamento do mesmo importe.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2026/1306**

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de agosto de 2025, adxudicouse á empresa NOVAVIAL S.L o contrato de obras denominado “Humanización do entorno da fonte e lavadoiro de Vilaboa”, por un importe de 280.472,47€, ao que lle corresponde un IVE (21%) de 58.899,22€, o que totaliza un importe (IVE engadido) de 339.371,69€.

O contrato administrativo foi asinado con data 18 de agosto 2025, cun prazo de execución da obra de 6 meses, contado a partir da sinatura da acta de comprobación de reformulo que foi asinada o 6 de novembro de 2025.

Con data 15 de abril de 2026 (registro WEB2026002975), don Luis Felipe López Saco, en representación da empresa adxudicataria NOVAVIAL, S.L. solicita ampliación de prazo de execución por 2 meses, fundamentada nas condicións climatolóxicas advesas nos meses posteriores ao comezo da obra, que retrasaron os traballos.

Con data 20 de abril de 2026 (nº de registro de entrada WEB2026003132), D. Francisco Javier Zubía Fernández, de Proyectos y Obras de Estructuras e Instalaciones, S.L (ZUBÍA INGENIEROS), director de obra, informa favorablemente a solicitude de ampliación do prazo contractual, estimando xustificada a concesión da prórroga solicitada, fixándose como nova data prevista de terminación o día 6 de xullo de 2026.

Dáse conta do Informe xurídico emitido pola Secretaria Xeral.

Tendo en conta todo o exposto, os documentos obrantes no expediente e o informe favorable do director de obra, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a ampliación do prazo de execución do contrato, en 2 meses, ata o 6 de xullo de 2026.

#### **PRP2026/1314**

Dáse conta da proposta da Concellería de Servizos e Obras Públicas para adxudicación do contrato menor de obras denominado "Mellora da seguridade viaria na rúa Pablo Picasso", na que se indica o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 7 de abril de 2025, aprobou o proxecto técnico denominado “Mellora da seguridade viaria na rúa Pablo Picasso”, redactado polo enxeñeiro técnico municipal, D. Óscar Álvarez González, cuxo importe de licitación (IVE engadido) ascende a de 22.845,02€.

A rúa Pablo Picasso é un dos principais accesos ao núcleo urbano de Vilagarcía de Arousa, xa que por el acceden á vila os vehículos que proceden da N640 (enlace ao Porto) e da AP9, así como os

precedentes de concellos colindantes a través da PO549.

Nesta rúa atópase un paso de peóns que conta cun elevado tránsito, o cal precisa dunha actuación para mellorar a seguridade do mesmo. Para isto, proxéctase como solución a execución dun paso de peóns sobre elevado para o calmado de tráfico, así como o reforzo da iluminación do mesmo. Coa finalidade de levar a cabo as obras necesarias para a mellora da seguridade do citado vial, foi redactado polo enxeñeiro técnico municipal, don Óscar Álvarez González, o proxecto denominado “Mellora da seguridade viaria na rúa Pablo Picasso”, que describe as citadas actuacións, que inclúen a substitución dun paso de peóns actual por outro elevado, á vez que se busca incrementar a visibilidade do mesmo a través da súa iluminación puntual. A actuación se completará coa execución das canalizacións para o drenaxe de augas pluviais, instalación eléctrica, sinalización horizontal e vertical e as marcas viarias necesarias.

De conformidade co proxecto, o orzamento ascende á cantidade de 18.880,18 € (sen IVE); 22.845,02€ (IVE engadido).

Considérase un prazo de execución de 1 semana (7 días) para a completa realización dos traballos. Foi solicitada oferta á mercantil MONTAJES J.M. IGLESIAS S.L. experta no campo de actuación, que remite a seguinte oferta:

Licitador	Oferta (IVE excluído)	Oferta (IVE engadido)
MONTAJES J.M. IGLESIAS S.L.	18.775,00 €	22.717,75 €

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Adxudicar o contrato menor de obras de “Mellora da seguridade viaria na rúa Pablo Picasso”, á mercantil MONTAJES J.M. IGLESIAS S.L. (B36130649), por importe de 18.775,00 € (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 3.942,75 €, o que totaliza un importe de adxudicación (IVE engadido) de 22.717,75 €, con cargo á partida orzamentaria 1530-61900 (proxecto de gasto 2025/2/PREST/23 incluído no Anexo de Investimentos do Orzamento do ano 2025).
- 2.- Nomear ao enxeñeiro técnico municipal, don Óscar Álvarez González, como director de obra e coordinador de seguridade e saúde do investimento denominado “Mellora da seguridade viaria na rúa Pablo Picasso” (CT 40/2025-e).

### **PRP2026/1316**

Dáse conta da proposta da Concellería Servizos e Obras Públicas para a adxudicación do contrato menor de obras de canalización para instalación de tubaxe de abastecemento en rúa Troquiña, travesía Antuín e rúa Foxo, en Vilagarcía de Arousa, na que se indica o seguinte: Visto que foi detectada polos servizos municipais a necesidade de realizar unha canalización para instalación de tubaxe de abastecemento e saneamento na rúa Troquiña, Travesía Antuín e rúa Foxo do Concello de Vilagarcía de Arousa.

A actuación inclúe, entre outras, as tarefas precisas para a canalización con tubaxe para saneamento nos citados viais, incluída a apertura e tapado de gabia, colocación de tubaxe e reposición de saburra.

Considérase un prazo de execución de 1 mes para a completa realización dos traballos.

O valor estimado do contrato é de 21.760,00 €.

Por todo o exposto, considérase xustificada a necesidade de levar a cabo os traballos anteriormente descritos, sustanciándose como contrato menor, co fin de realizar as obras de canalización para instalación de tubaxe de abastecemento en rúa Troquiña, travesía Antuín e rúa Foxo, en Vilagarcía de Arousa.

Foi solicitada oferta á mercantil MONTAJES J.M. IGLESIAS S.L. experta no campo de actuación, que remite a seguinte oferta:

Licitador	Oferta (IVE excluído)	Oferta (IVE engadido)
-----------	-----------------------	-----------------------

MONTAJES J.M. IGLESIAS S.L.	21.760,00 €	26.329,60€
-----------------------------	-------------	------------

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Adxudicar o contrato menor de obras de “Canalización para instalación de tubaxe de abastecemento en rúa Troquiña, travesía Antuín e rúa Foxo, en Vilagarcía de Arousa”, á mercantil MONTAJES J.M. IGLESIAS S.L. (B36130649), por importe de 21.760,00 € (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 4.569,60€, o que totaliza un importe de adxudicación (IVE engadido) de 26.329,60€, con cargo á partida orzamentaria 160-61900 (proxecto de gasto 2025/2/PREST/9) incluído no Anexo de Investimentos do Orzamento do ano 2025).
- 2.- Nomear ao enxeñeiro técnico municipal, don Óscar Álvarez González, como director de obra e coordinador de seguridade e saúde do investimento denominado “Canalización para instalación de tubaxe de abastecemento en rúa Troquiña, travesía Antuín e rúa Foxo, en Vilagarcía de Arousa” (CT 42/2026-e).

### PRP2026/1317

Dáse conta da proposta da Concellería de Emerxencias e Seguridade para adxudicación do contrato menor de obras de sinalización horizontal en diversas rúas do Concello de Vilagarcía de Arousa, na que se indica o seguinte:

Polos servizos municipais infórmase a esta concellería da necesidade de realizar obras na sinalización horizontal das rúas Hospital do Salnés, rúa Doctor Tourón, rúa Alejandro Cerecedo, Avda. da Mariña, rúa Arcebispo Xelmírez, rúa Arapiles, rúa Limoeiro, rúa Gumersindo Nartallo, rúa Cervantes, rúa Independencia, rúa Padre Feijoo e Urbanización O Rial; dado o desgaste que presenta a citada sinalización; sendo as actuacións previstas imprescindibles para garantir a seguridade dos usuarios destas vías.

Preténdese con esta actuación a modernización do pintado de marcas viarias, coa utilización de materiais de última xeración que consigan unha mellora, tanto da visibilidade destas coma da protección anti esvaradíos.

Estando próxima a tempada estival, durante a que o aumento da poboación deste concello é moi importante e, polo tanto, tamén o número de vehículos que utilizan as vías de comunicación de titularidade municipal, considérase preciso actuar sobre estas á maior brevidade posible.

Débase ter en contra que estas actuacións deben realizarse con bo tempo, pola necesidade de secado dos produtos que se utilizan e da superficie sobre a que se actúa.

Considérase un prazo de execución de 2 meses para a completa realización dos traballos.

Solicítouse orzamento á empresa Señalización y Balizamientos de Galicia, S.A., especializada nesta materia; quen remita o seguinte prezo:

Importe IVE excluído	IVE 21%	Importe IVE engadido
28.593,05 €	6.004,54 €	34.597,59

